

Comunicación sobre proxectos de Apoio a Producción Cinematográfica, setembro 2023 - 6%

Santiago, 26.09.2023

Dando cumprimento á resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da CRTVG acordou participar en 9 das 36 propostas recibidas: catro novos proxectos cinematográficos, unha longametraxe de animación e catro películas documentais.

Dúas das longametraxes son producións de clara identidade galega, rodadas en versión orixinal galega e dirixidas por novos talentos femininos: unha *A volta*, producida por Vía Láctea Films e dirixida por Sandra Montes, é unha comedia dramática que conta unha realidade cotiá a través dos sentimentos, e a outra, *Castelao*, producida por Zaza Ceballos, aborda por primeira vez desde a ficción unha parte da vida dun dos persoeiros máis carismáticos da cultura galega. Os outros dous proxectos teñen compoñentes máis universais: *Quero vivir nun grito* é un drama enraizado na actualidade concebido desde a óptica e sensibilidade de Diana Toucedo, e a outra película, *A mazá dourada*, é unha adaptación literaria con rodaxe íntegra en Galicia por iniciativa do produtor Xosé Zapata.

A longametraxe de animación *O soño da sultá* é unha fábula animada que chega da man da produtora Abano. O proxecto despegará este outono pola porta grande do Festival de San Sebastián, onde por primeira vez unha película de animación europea competirá en sesión oficial.

En relación ás longametraxes documentais, a selección prevé catro proxectos de corte ben diferenciado: un de carácter etnográfico e experimental, *Aurora*, que se constrúe arredor da relación da súa directora cunha muller do medio rural ao longo de máis de 10 anos; outro proxecto de tipo divulgativo e autobiográfico, *Manuel Outumuro*, que descobre o proceso creativo deste fotógrafo internacional a través da rodaxe nos lugares máis significativos da súa traxectoria. A terceira proposta documental escollida é *A Contra armada, documental histórico* que recolle un episodio controvertido no que A Coruña foi clave. E, por último, inclúese o documental con ambición de coprodución internacional *Hoxe e o resto do mundo*, que pretende ofrecer unha visión global de Isaac Díaz Pardo nunha película híbrida entre o documental e a ficción.

A proposta da Comisión baséase nos criterios da devandita resolución da Dirección Xeral da CRTVG, que se enmarca nos seguintes obxectivos e características:

- Favorecer a tarefa común de creación e sostemento dun sector audiovisual en Galicia que busque tamén unha mellora da sociedade, mesmo no aparentemente máis simple cometido do tempo libre e de lecer.

- Apoiar na creación audiovisual unha identidade propia como un proceso aberto onde a Corporación participe en proxectos de promoción e ampliación de produtos feitos polo sector da creación cinematográfica e como servizo que promova a garantía da continuidade dos sinais identitarios da Comunidade.
- Participar en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, polos medios tradicionais ou a través da súa presenza mediática nas redes sociais.
- Facer un esforzo adicional no investimento en proxectos presentados do ámbito cinematográfico, que inclúe a Lei 13/2022, do 7 de xullo, de paso que se contribúe a financiar películas e documentais, ben participando directamente na súa produción ou ben mediante a adquisición de dereitos, de acordo co Real Decreto 988/2015 do 30 de outubro.
- Ademais da calidade e viabilidade, préstase atención ao valor artístico e ao vencellamento coas realidades social e cultural galegas.
- Téñense en conta asemade os recursos humanos, biografías dos autores e historia das produtoras. De igual xeito, valóranse os recursos económicos implicados, así como as gravacións en territorio galego.

A Comisión acordou así a participación da CRTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

A volta, producida por Vía Láctea Films,S.L.

Trátase dunha proposta cinematográfica que será o debut de Sandra Montes como directora e guionista dunha longametraxe moi persoal chea de sensibilidade.

Sandra escolle unha historia realista e cotiá pero non exenta de emoción e fortes sentimentos. Unha historia ordinaria enraizada na contorna da Ribeira Sacra e cunha muller forte no centro da mesma que terá que aparcar os seus soños para saír adelante pero sen abandonar por iso as súas ilusións.

Estamos ante unha produción de axustado presuposto que conta co apoio da Deputación de Lugo e a colaboración de Mr Misto Films para a distribución.

En relación ao equipo artístico, os nomes son de primeiro nivel e gozan de clara popularidade: Marta Larralde, Morris, Tito Asorey e Miguel de Lira entre outros.

O filme ten un marcado carácter de autor e aspira a espertar interese nos distintos festivais pola delicadeza do seu enfoque social e a beleza da paisaxe onde se sitúa a acción.

Proposta de achega por parte da TVG: 120.000,00.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Castelao, producida por Retrincos A.I.E

Zenit Tv achéganos a través da A.I.E esta ambiciosa aposta cinematográfica sobre un dos persoeiros máis ilustres da cultura galega, Castelao. Este filme non é un *biopic* ao uso, senón que focaliza principalmente o lado humano e persoal máis que o propio personaxe. Para isto a proposta conta no guión con Pepe Coira, avalado pola súa traxectoria de recoñecidos premios audiovisuais.

A dirección correrá a cargo de Ángeles Huerta para a que esta será a súa segunda longametraxe de ficción, despois da boa acollida do seu primer filme *O corpo aberto*, estreado recentemente.

En canto aos actores, presentase a Tamar Novas, que goza dun prestixio profesional extraordinario, como proposta para darlle vida a Castelao.

Dada a amplitude e dimensión da prolífica vida e obra de Daniel Castelao, esta proposta desenvolve o achegamento ao espectador a través de dúas perspectivas: o Castelao médico, bo, humano e xeneroso e o Castelao comprometido con Galicia.

Zenit Tv pretende con este proxecto seguir o modelo da recoñecida colección de biografías titulada *Mulleres na historia* aplicada agora aos homes máis significativos da nosa cultura.

Proposta de achega por parte da TVG: 250.000,00.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Querer vivir nun grito, producida por Miramemira S.L.

Este proxecto é un drama de autor de Diana Toucedo que suporá o seu salto como cineasta á ficción. De todas formas, na proposta seguirase percibindo o dominio de Diana na linguaxe documental e a súa preocupación e interese por entender o contexto xeopolítico e social do momento propiciando a constante reflexión do espectador.

A película céntrase na personaxe principal, Lola Sar, unha arquitecta entregada a diversas organizacións humanitarias de cooperación internacional. É unha muller privilexiada que intenta prestar axuda e mellorar as condicións de vida alí onde pode ser útil. Pero xustamente este valor de utilidade cambia brutalmente cando nestas fronteiras do sur de Europa as problemáticas trascenden á vontade individual.

Desde o punto de vista da estrutura financeira o proxecto prevé o apoio de AGADIC e baséase no modelo de coprodución xa experimentado noutros proxectos, no que se espera que participe tamén a televisión de Cataluña. Ademais conta xa con acordos de distribución como os de Urban Sales e Tribes Media.

Pola actualidade da temática, o tratamento técnico e sonoro e o particular punto de vista, a longametraxe apunta un alto potencial en relación aos principais festivais, que poderán supoñer unha interesante repercusión mediática.

Proposta de achega por parte da TVG: 150.000,00.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

A mazá dourada, producida por Lapiruetaylamanzana A.I.E.

Trátase dunha longametraxe con rodaxe integra en Galicia e con distribución de A Contracorriente Films.

É unha adaptación literaria da novela do mesmo nome que ten o valor de vir a completar a extensa cinematografía do recoñecido director Jaime Chávarri.

A película conta coa axuda do ICAA, xunto coa participación de TVE, Movistar e Filmin.e ten ademais os apoios da Deputación de Ourense, da D.O. de Monterrei e o premio Xacobeo do Festival OUFF.

Trátase dunha comedia coral na que un poema en litixio, unha antoloxía e uns cogumelos venenosos son os detonantes para converter unhas bucólicas xornadas poéticas nun caos cheo de enredos, celos e parellas moi peculiares.

No equipo artístico destacan nomes galegos como os de Elena Seijo, Mela Casal ou Celso Bugallo entre outros.

Proposta de achega por parte da TVG: 60.000,00.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

O soño da sultá, producida por Abano Producións, S.L.

A longametraxe de animación *O soño da sultá* é un proxecto que ten o valor de ser a primeira película europea de animación que competirá en sección oficial pola Cuncha de Ouro no marco do Festival de San Sebastián este outono.

A película vén avalada pola prestixiosa traxectoria de Abano Producións, especializada en animación, e dúas animadoras galegas e permite afianzar as relacións de reciprocidade e apoio coas outras televisións autonómicas. Financeiramente trátase dunha coprodución internacional con Alemaña que conta co apoio de ETB, o Goberno vasco, o ICAA, a axuda de Media Creative Europa e a distribución de Filmin.

A película está inspirada nun conto feminista indio escrito en 1905 que cobrará vida grazas ao entusiasmo da directora Isabel Herguera e os produtores que a acompañan nesta aventura, entre os que están Abano e Uniko Estudio Creativo, coprodutor vasco presente tamén na multipremiada longametraxe *Unicorn wars*.

Para a elaboración da versión galega a produtora contará cun elenco de primeiro nivel de actrices e actores galegos.

Proposta de achega por parte da TVG: 75.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Aurora, de Gaita Filmes, S.L.

Longametraxe documental de carácter etnográfico e experimental que conta coa axuda de talento de AGADIC. Consiste nun retrato de vida dunha veciña do medio rural galego, pero o valor diferencial da proposta é que este retrato se constrúe arredor da relación íntima da súa directora, Area Erina, con esta muller ao longo de máis de dez anos de gravación.

Aurora e Area, mulleres cun salto xeracional importante e pertencentes a mundos moi dispares, establecen conversacións profundas acerca de temas como a morte, a familia, a guerra ou a muller.

A rodaxe farase en Taboexa, aldea pertencente ao concello das Neves e a obra será realizada en versión orixinal galega.

Proposta de achega por parte da TVG: 6.000,00 € en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Manuel Outumuro, producida por Arraianos producións, S.L.

Longametraxe documental de tipo divulgativo e autobiográfica dirixida por Aser Álvarez. Será a primeira vez que un documental afonde e descubra o proceso creativo deste fotógrafo internacional a través da rodaxe nos lugares máis significativos da súa traxectoria: Ourense, Barcelona e Nova York.

A rodaxe da obra será realizada en versión orixinal galega.

O estilo visual e narrativo deste documental destaca pola mimetización co propio proceso creativo de Outumuro, sendo o seu material fotográfico e o seu relato autobiográfico partes fundamentais do deseño e concepto deste traballo.

Proposta de achega por parte da TVG: 10.000,00 € en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

A Contra armada, producida por División XL Producciones, S.L.

Esta é a nova proposta de longametraxe documental baixo a dirección de Simón Casal na liña doutros documentais de corte histórico como *O reino dos suevos*, de tan boa acollida por parte do público.

Este documental propónse redescubrir un episodio histórico que permaneceu oculto e terxiversado ata anos recentes: *A Contra armada* inglesa, unha misión organizada pola Raíña Isabel I para acabar coa hexemonía do Imperio Español en 1589. O destino da misión foi selado na Coruña, tras un cruento asedio á cidade por parte dos ingleses e unha enorme batalla urbana protagonizada principalmente por mulleres e homes da cidade.

O documental constrúese en coprodución de División XL Producciones, S.L. con RTVE e Simón Casal de Miguel, e conta tamén co apoio do concello da Coruña.

A rodaxe farase en versión galega con intervencións espalladas en castelán, portugués e inglés.

Proposta de achega por parte da TVG: 15.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.

Hoxe e o resto do mundo, producido por Matriuska Producciones, S.L.

É unha obra dirixida por Cecilia Díaz desde o círculo íntimo de Isaac Díaz Pardo, que pretende ofrecer unha visión global do artista nunha película híbrida entre o documental e a ficción.

Estamos ante un documental cunha estética vangardista, de carácter humanista, que busca a veracidade periodística.

A proposta formal e narrativa deste documental profundiza na estrutura poliédrica e o universo de Isaac Díaz Pardo, poñendo de relevo as ideas e facetas fundamentais da súa vida e obra como referentes indiscutibles da historia do século XX.

Desde o punto de vista financeiro, o proxecto conta coa axuda de produción de AGADIC e cun acordo de distribución con Elamedia, tanto a nivel nacional a través de Sideral Cinema, como internacional a través de 34T Sales.

Proposta de achega por parte da TVG: 15.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación nos outros dereitos de explotación.